

Aproximación á configuración lingüística dos apelidos en Galicia

Ana Boullón

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

RESUMO. Os apelidos ou segundos nomes constitúen unha parte do léxico que adoito é esquecida nas descrições lingüísticas. Polas súas características, resultan ser un testemuño privilexiado de etapas anteriores da lingua, e revelan abondosos datos sobre a historia e a difusión das palabras. Neste traballo téntase unha descrición da configuración do conxunto dos apelidos actuais en Galicia, partindo do exame dos douscentos máis frecuentes. Abordarase a súa clasificación en patronímicos (como *Rodríguez*, *Estévez* ou *Paz*), toponímicos (*Castro*, *Piñeiro*) e alcumes (principalmente profesionais, como *Ferreiro* ou *Freire*, ou referidos a características físicas ou psicolóxicas, como *Cao* ou *Calviño* e *Salgado* ou *Garrido*, respectivamente). Tamén se dará información sobre a súa data de introdución como segundos nomes, pois, se ben a conformación dos apelidos se deu na Idade Media, moitos chegaron nos séculos seguintes. Finalmente, achegarase información sobre a influencia da castellanización neste corpus.

Palabras clave: onomástica, historia da lingua, léxico.

ABSTRACT. Surnames constitute an element of lexicon often overlooked in linguistic analysis. Given their history, they represent a privileged testimony of the previous stages of a language's development, and reveal considerable information regarding the development and diffusion of words. In this study, I attempt to articulate a description of the corpus of current surnames in Galicia, using as a basis the analysis of the two hundred most frequent surnames. Their classification spans patronymics (such as *Rodríguez*, *Estévez* or *Paz*), toponyms (*Castro*, *Piñeiro*) and nicknames, aliases, assumed names and epithets (principally professional, such as *Ferreiro* or *Freire*, or those referring to physical or psychological characteristics, like *Cao* or *Calviño* and *Salgado* or *Garrido* respectively). This article will also provide information on their date of introduction as second names on the premise that although the formation of surnames took place in the Middle Ages, many emerged subsequently to this. Finally,

Data de recepción: 24.07.2006. Data de aceptación: 20.10.2006.

I will consider the influence of Castilianisation upon the formation and development of surnames and second names in Galicia.

Keywords: onomastics, language history, lexicon.

1. Os apelidos máis frecuentes

As características específicas do que hoxe chamamos apelidos proporcionánnos unha foto fixa de diversos estadios da lingua, pois, debido ó seu carácter hereditario, vanse transmitindo de xeración en xeración con menos transformacións cáas usuais no material lexical vivo. A conformación do corpus dos apelidos deuse en Galicia fundamentalmente na Idade Media, pero a fixación como hereditario do segundo nome é posterior. Comeza a producirse a partir do XVI, coa creación dos rexistros parroquiais, unha disposición do Concilio de Trento. É de supoñer que esta medida non foi inmediata, e nos séculos que seguiron, a medida que se foron implantando, moitas persoas adquirirían por primeira vez un nome legal ou oficial, pois ata ese momento é probable que só o tivesen as que interviñan directamente nos actos xurídicos, como nos demostran as coleccións documentais medievais. Ademais, se comparámo-lo corpus dos apelidos na Idade Media co censo actual, comprobamos que, se ben hai lóxicamente moitas formas comúns, tamén hai moitas formas novas, algunhas delas de importante peso cuantitativo (como *Iglesias* ou *Rei*); e, como veremos a seguir, tamén variaron as proporcións dos distintos elementos constitutivos dos apelidos. De maneira que o conxunto dos nosos apelidos amósano-los testemuños, máis ou menos fosilizados, de diferentes estratos da nosa evolución lingüística, o que o converte nunha ferramenta privilexiada, aínda que a miúdo desdeñada, para o estudo da lingua e da sociedade.

Nesta análise partirei dun corpus dos 200 apelidos máis frecuentes no Censo de poboación de Galicia do ano 2002, correspondente a 2.750.684 persoas, que portan 5.481.680 apelidos (preto do dobre, pois no sistema legal de Galicia cada persoa porta dous apelidos: o paterno e o materno)¹. Estes 200 apelidos acadan as 3.396.407 ocorrencias, o que supón un 62% do total do corpus total. Coido que esta cantidade prové información abonda sobre a configuración do sistema de denominación dos apelidos galegos. Hai que ter en conta unha peculiaridade do Censo: ó non contar con acentos, hai formas que en realidade corresponden a dous apelidos distintos: é o caso de *Casas* ou *Casás*, *Quintas* ou *Quintás*, *Ríos* ou *Riós*, *Miguez* ou *Míguez*; como non hai forma de discriminalos con esta fonte, indicámoslos conxuntamente no posto en que aparecen.

1 Pódense consulta-los datos numéricos e maila distribución xeográfica de cada un dos apelidos na aplicación web *Cartografía dos apelidos de Galicia* (CAG) realizada polo Instituto da Lingua Galega (<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>).

Táboa 1: Relación dos apelidos máis frecuentes

1. Rodríguez	42. Arias	83. Bello	124. Pereiro	165. Bouzas
2. Fernández	43. Prieto	84. Crespo	125. Gutiérrez	166. Dios
3. González	44. Silva	85. Bermúdez	126. Couto	167. Paredes
4. López	45. Freire	86. Ferreira	127. Seijas	168. Vega
5. García	46. Torres	87. Diéguez	128. Rama	169. Andrade
6. Pérez	47. Conde	88. Santiago	129. Lage	170. Sousa
7. Martínez	48. Mosquera	89. Carrera	130. Quintas /Quintás	171. Pedreira
8. Vázquez	49. Calvo	90. Nieto	131. Figueroa	172. Fandiño
9. Álvarez	50. Gil	91. Novo	132. Cruz	173. Trillo
10. Gómez	51. Fraga	92. Franco	133. Castiñeira	174. Trigo
11. Castro	52. Seoane	93. Yáñez	134. Carro	175. Dopico
12. Iglesias	53. Veiga	94. Portela	135. Vilar	176. Guerra
13. Díaz	54. Casal	95. Feijoo	136. Saavedra	177. Barcia
14. Sánchez	55. Costas	96. Jiménez	137. Bernárdez	178. Oliveira
15. Blanco	56. Pardo	97. Araujo	138. Rego	179. Salgueiro
16. Alonso	57. Rial	98. Loureiro	139. Fontán	180. Amado
17. Varela	58. Míguez/Míguez	99. Casas/Casás	140. Hernández	181. Patiño
18. Otero	59. Campos	100. Nogueira	141. Bouza	182. Vigo
19. Domínguez	60. Soto	101. Corral	142. Carreira	183. Sotelo
20. Rey	61. Hermida	102. Regueiro	143. Regueira	184. Roca
21. Suárez	62. Carballo	103. Gallego	144. Noya	185. Amoedo
22. Lorenzo	63. Salgado	104. Moreira	145. Quintela	186. Muíño
23. Piñeiro	64. Losada	105. Villaverde	146. Teijeiro	187. Pernas
24. Pereira	65. Garrido	106. Pita	147. Seijo	188. Davila
25. Vidal	66. Mariño	107. Riveiro	148. Canosa	189. Ruíz
26. Méndez	67. Río	108. Fariña	149. Miranda	190. Filgueira
27. Núñez	68. Caamaño	109. Vilariño	150. Pombo	191. Rúa
28. Barreiro	69. Nóvoa	110. Martín	151. Padín	192. Expósito
29. Romero	70. Prado	111. Pose	152. Antelo	193. Cancela
30. Estévez	71. Taboada	112. Mato	153. Moure	194. Muñoz
31. Lago	72. Barros	113. Porto	154. Insua	195. Fidalgo
32. Santos	73. Lamas	114. Neira	155. Barral	196. Somoza
33. Paz	74. Lema	115. Vicente	156. Cabaleiro	197. Delgado
34. Souto	75. Ríos/Riós	116. Vilas	157. Ferro	198. Márquez
35. Ferreiro	76. Durán	117. Muñiz	158. Peña	199. Rouco
36. Ramos	77. Montero	118. Sanmartín	159. Villanueva	200. Mouriño
37. Rivas	78. Ares	119. Montes	160. Cao	
38. Villar	79. Costa	120. Graña	161. Sampedro	
39. Pena	80. Cid	121. Parada	162. Calviño	
40. Vila	81. Rivera	122. Diz	163. Collazo	
41. Pazós	82. Fuentes	123. Comesaña	164. Rico	

2. Clasificación dos apelidos

Entre as distintas clasificacións que se poderían intentar (baseadas na función, na motivación, na morfoloxía...), a máis usual é a semántica, e dentro dela, a que ten en conta os

derivados de nomes persoais (os patronímicos), os topónimos e os sobrenomes tirados do léxico común. Hai áreas coincidentes entre algúns destes grupos: os microtopónimos, por exemplo, proceden case sempre de substantivos comúns que indican algunha característica física do territorio; ou os xentilicios, que derivan de topónimos maiores, pero pertencen hoxe ó léxico común. Outra dificultade é a das formas susceptibles de responder a dúas motivacións distintas (como *Ferro*, que pode ser sinónimo de *Ferreiro*, e daquela ser profesional, ou denotar alguén de carácter duro, e daquela ser apelativo de carácter, ou *Muiño*, que podería interpretarse como profesional ou detoponímico), ou, aínda máis, é aquelas das que se descoñece a súa motivación e ata o seu significado (como *Pose* ou *Fandiño*).

Tamén se podería dicir desde o punto de vista semántico que o sistema onomástico presenta dúas polaridades (vid. Caffarelli 2005: 260-1): a pertenza, isto é, o que nos relaciona con outras persoas ou con lugares (e aí estarían os patronímicos, profesionais, topónimos de residencia) e a alteridade, isto é, o que nos diferencia (topónimos de procedencia, características físicas ou psíquicas peculiares, nomes de meniños abandonados, étnicos...). Nos diferentes sistemas onomásticos prevalecen uns ou outros ou hai equilibrio entre eles. Hoxe en día, a fixación administrativa converteu os apelidos en simples etiquetas, que conservan simplemente o recordo do sistema denominativo.

Na clasificación que proponho, que pretende ser funcional, utilizo unha mestura de criterio semántico e formal; así, establezo tres categorías: os apelidos patronímicos, os detoponímicos (cos xentilicios e microtopónimos) e, finalmente, os procedentes do léxico común (incluíndo as características persoais, os nomes de profesión ou cargos e as relacións familiares).

2.1. Os apelidos patronímicos

Os patronímicos constitúen a parte cuantitativamente máis importante. A adxunción do nome do pai foi un dos primeiros procedementos para a imposición dun segundo nome na Alta Idade Media: *Pai Estévez* era fillo de *Estevo Méndez*. Este sistema deuse en toda a Península Ibérica, agás no País Vasco e nos Países Cataláns, e actualmente constitúe o compoñente máis abundante do acervo dos apelidos. A unidade antroponímica que conforma en toda a Península veu dada por diferentes fenómenos de migración, causados en boa medida pola Reconquista (de norte a sur) e espallados tamén polo Camiño de Santiago (de leste a oeste). Desde o punto de vista lingüístico, á parte de testemuñar unha situación antroponímica moi antiga (hoxe en día o procedemento xa non é rendible, é dicir, non se forman apelidos novos co sufixo *-ez*, pois os apelidos son hereditarios), son os que menos interese teñen: “la gran riqueza e individualidad lingüístico-cultural se encuentra en la gran masa de los apelidos menos frecuentes” (Kremer 2004:18). De feito, os 10 primeiros elementos da lista son patronímicos (*García* tamén o é, aínda que careza do sufixo *-ez*), e correspóndense co 57% da suma das ocorrencias dos 200 apelidos máis frecuentes, e o 35% da suma de tódolos apelidos rexistrados en Galicia.

A relación alfabética dos que levan sufixo patronímico é a seguinte²:

Álvarez, de *Alvaro*.

Bermúdez, de *Vermudo*.

Bernárdez, de *Bernardo*.

Díaz/Diz/Diéiguez, os dous primeiros de DIDACI, xenitivo de DIDACUS, de onde o romance *Diego*, e del, *Diéiguez*.

Domínguez, de *Domingo*.

Estévez, de *Estevo*.

Fernández / Hernández, de *Fernando*.

Gómez, de *Gómez*, forma que nunca se documentou sen sufixar (vid. Boullón 1999 s.v. *Goma+*, *Gomecius*).

González, de *Gonzalo*.

Gutiérrez, de *Gutierre*.

Jiménez, de *Xemeno*.

López, de *Lopo*.

Márquez, de *Marco*, con posible influencia de *Marqués*, e daquela habería analoxía no -z patronímico e na acentuación proparoxítona.

Martínez, castelanización de *Martíns* ou *Martís*, de *Martín*.

Méndez, de *Mendo*.

Míguez ou Míiguez, de *Miguel*, con acentuación oxítona etimolóxica ou proparoxítona por analoxía cos outros patronímicos graves en -ez, ou simplemente por incorrecta interpretación do apelido, por descoñecemento, como ocorreu en certa medida con algunhas outras formas, como **Insúa* (por *Insua* < lat. INSŪLA) ou **Novoa* (por *Nóvoa* < lat. NOVŪLA, der. de NOVUS).

Muñiz / Muñoz, de *Munio*. As dúas son formas estrañas, pois a primeira ten *í* tónico contrariamente ó esperable, que sería **Múñez*, e a segunda ten un sufixo en -o que en galego tampouco se dá (vid. Boullón 1999: 52). Viejo (1998: 467-470), para o asturiano, pensa que *Muñiz* podería remitir a unha formación MUNNINUS, MUNNI(N)IS, *MUNNI(N)ICI; foneticamente sería posible, pero a frecuencia en galego deste nome con sufixo diminutivo é moi inferior a *Munio*; quizais influíu a súa semellanza fonética e de frecuencia con *Nuno*, con quen ás veces se confundía (como en *Nunio Eriz* = *Munio Eriz* a.1200 TSobrado II 339), e con quen confluía con certa frecuencia como nome e patronímico (*Monio Nuniz* a.1125 TSamos 159; a.1171(s.13) CDXubia 101, *Nuno Munniz* a.1186 TSobrado I 245,

2 Indico en cursiva a forma romance do nome medieval de que proceden, a non ser que veñan directamente dunha forma latina. Para as orixes etimolóxicas de cada un deles, véxase Boullón 1999 s.v. Para as formas castelanizadas, vid. infra, capítulo 3.

etc.). Así, o cambio de acentuación podería deberse á necesidade de distinguir os patronímicos correspondentes e, para iso, se habilitase para *Munnio* o que procedía do seu derivado *Munninus* (téñase en conta que o sufixo diminutivo tamén podía ter valor patronímico: vid. Boullón 1999: 88). Desta hipotética evolución testemuñanse os pasos intermedios: *Muniniz*, *Monniniz* o *Muninis* > *Muninci*, *Moninci*, *Muninzi*, *Moninzi* > *Moniz*, *Muniz*, etc. Tamén puido influír-la existencia doutros patronímicos que, por evolución fonética, acababan en *í*, como *Martinz*. Con respecto a *Muñoz*, se ben un día (Boullón 1999: 52) considerei que podería explicarse a partir de *Munionis* (como tamén Viejo 1998: 469), forma imparisílaba amplamente testemuñada, creo que hai obxeccións a esta hipótese, pois, á parte da cuestión da sibilante final (o *-z* explicase facilmente por analogía co sufixo patronímico), e aínda que é posible a evolución *MUNIONIS* > *Muñoz*, esta sería dialectal (amais de *Muñoz*, debiamos ter constatación, antiga ou moderna, de **Muñóns*, **Muñois* o **Muñós*) e os pasos intermedios non están documentados. En realidade, hai poucas documentacións medievais desta forma nos textos galegos (non chegan á decena), sobre todo tendo en conta a súa frecuencia moderna, o que contrasta vivamente coa abundancia de documentación medieval de formas en *-oz* en Castela (Menéndez Pidal / Tovar 1962: 428-30), o cal pode facer pensar nun castelanismo temperán.

Núñez, de *Nuno*.

Paz, de *Paio*, de onde tamén os patronímicos *Pais* e *Páiz*.

Pérez, de *Pero*, variante medieval de *Pedro*.

Rodríguez / Ruíz, de *Rodrigo* e a súa forma apocopada *Rui*, respectivamente.

Sánchez, de *Sancho*.

Suárez, de *Suaris*, que tamén deu lugar ó romance *Sueiro*.

Vázquez, de *Vasco*, con asimilación do *s* ó *-z*.

Yáñez, do xenitivo de *Iohannes*, con *-z* por analogía cos outros patronímicos; as formas galegas son *Anes* e variantes (vid. infra).

Algúns outros apelidos derivan de nomes persoais sen sufixo patronímico:

Alonso (castelanización de *Afonso*), *Ares*, *Arias*, *Cid* (castelanización de *Cide*), *Durán*, *García*, *Gil*, *Lorenzo* (castelanización de *Lourenzo*), *Martín* (forma apocopada de *Martiño*), *Vicente*, *Vidal*.

As razóns da non presenza do sufixo son diversas. No caso das formas medievais *Afonso* e *Lourenzo*, moi abundantes, poden valer razóns eufónicas (coinciden en levar unha sibilante explosiva tras nasal na última sílaba); *Ares* e *Arias*, os dous de etimoloxía discutida e posiblemente emparentados (existe tamén unha variante medieval *Areas*), teñen unha terminación fonética diferente dos máis usuais (latinos da segunda declinación ou de orixe xermánica adaptados tamén polo mesmo patrón morfolóxico), igual ca *García* (que se declina pola

primeira), *Vidal* (pola terceira) ou *Cid* (forma castellanizada de *Cide*, segundo a opinión máis extendida de orixe árabe³). *Vicente* procede do xenitivo de VINCENTIUS (do acusativo procede *Vicenço*, usado na Idade Media como haxiotopónimo), *Martín* convive ó lado da forma sufixada (*Martíns/Martís*, ou o castellanismo *Martínez*), e, finalmente, *Durán* e *Gil* son formas importadas de Francia, e xa chegaron con esta evolución fonética, demasiado tarde para incorporaren o sufixo patronímico.

2.2. Os apelidos detoponímicos

Os derivados dos topónimos ou detoponímicos poden indicar lugar de procedencia ou de residencia. Segundo grupo en orde de frecuencia, é unha forma de individualización que se dá xa na Alta Idade Media, aínda que en moi distinta proporción. Se no momento de conformación do noso corpus onomástico o lugar era só o indicativo principal para un 8% do total, hoxe éo para máis dun 30%. Iso significa que o designativo toponímico foi comezado a usar con máis profusión a partir da Idade Media, seguramente para evita-la homonimia que a gran abundancia de patronímicos acabaría causando (pois este grupo constituía o 73% do total). Dentro deles cómpre distinguir entre os topónimos maiores (*Noia*) e os microtopónimos ou xenéricos (*Castro*, *Piñeiro*, *Vilariño*), que son os máis frecuentes e que raramente se poden identificar cun lugar concreto. Estes son os que máis claramente forman parte do léxico común, e ás veces é difícil saber se se trata de delexicais ou de microtopónimos. A medio camiño están os xentilicios, voces derivadas de topónimos que pertencen xa á lingua xeral: nese grupo está algún aparentemente enigmático como *Gallego* (de número 103)⁴ e mais *Franco* (nº 92: para máis información sobre este último, vid. Boullón 1998).

Contrasta no noso corpus a alta proporción de microtopónimos con respecto ó escaso grupo de topónimos maiores (representan un 5% de todos eles): os principais son *Noia* e *Santiago*; outros son de núcleos de poboación pequenos hoxe en día (*Lema*⁵, *Comesaña*⁶), polo que non se sabe cál é a razón da súa gran difusión actual, non sendo o caso das vellas

3 A etimoloxía comunmente admitida (o árabe *çid* ‘señor’) choca coa alta frecuencia que tiña este nome na Alta Idade Media, tendo en conta que os nomes que delataban orixe árabe se adoitaban cambiar. Menéndez Pidal distingue entre o título honorífico (“Mio Cid”) e o nome persoal, ó que lle atribuíu outra orixe, quizais prerromana (Menéndez Pidal 1964: 574 n.1). Nos documentos medievais galegos trátase na maior parte das veces deste último caso (salvo, quizais en *meu Cidi* a.1200 TSobrado II 273), e é o que deu orixe ó actual apelido; por exemplo, en *Cidi Didaci* a.988 TSamos 350, *Petrus Cidiz* pr. a.1023 TSobrado I 72 (máis documentación en Boullón 1999: 173-4).

4 Tal xentilicio en Galicia, aparentemente non identificador, pode deberse, como opina Menéndez Pidal (1960: XLII), a movementos de repoboación procedentes da Gallaecia bracarense, ou, nalgúns contextos, á calidade de ‘cristián’ fronte a ‘mouro’ ou ‘xudeu’.

5 Aínda que hai varios topónimos *Lema* en Cambre, Carballo e Arzúa (Co), a súa concentración máis alta está na área da Costa da Morte, onde había unha familia fidalga con este nome no séc. XVI, segundo nos informa Xosé M^o Lema.

6 Parroquia de Santo André de Comesaña, en Vigo.

xurisdicións como *Nóvoa*⁷, *Neira* ou *Araúxo*⁸: as antigas sete provincias do Reino de Galicia estaban distribuídas en distintas xurisdicións, algunhas das cales son hoxe macrotopónimos importantes (como Noia e Santiago, da provincia de Santiago), e outras cadran con topónimos menos importantes e máis difundidos (por frecuentes) coincidentes en boa parte con formas do léxico común, como *Montes* (prov. de Santiago), *Bouzas* (prov. de Tui), *Figueiroa* (prov. de Ourense) ou *Miranda* (prov. de Mondoñedo).

A razón desa desproporción probablemente se deba á motivación: se os topónimos maiores, habitualmente escuros, aluden á procedencia dos seus portadores, estoutros fano á residencia: en vez de indicaren un afastamento, unha separación entre o lugar indicado polo nome e outro lugar en que este nome serve para identifica-la persoa, os de residencia sinalan un asentamento nunha determinada poboación e a súa función distintiva baséase na microtopografía da propia poboación, ou sexa, a descrición precisa do lugar onde se vive⁹. Estas proporcións parecen reflectir nos apelidos a gran estabilidade da poboación galega a través dos tempos.

Outro apelido non transparente de orixe toponímica é *Sousa* (do lat. (ACQUA) SALSÁ ‘salgada’), topónimo frecuente en Portugal (véxase o DOELP), pero non rexistrado no nomenclátor de Galicia. Dado que a súa máis alta frecuencia se atopa na raia de Portugal (véxase o mapa 1, tirado, coma o seguinte, do CAG), é posible que, en principio, algúns dos seus portadores procedesen do país veciño. Seguramente tamén debemos incluír neste grupo a *Antelo*, con topónimos en Carballo (Río de Antelo), Negreira (Casa de Antelo) e Noia (Antelo, lugar da parroquia de Boa), e con especial densidade no noroeste da provincia da Coruña (véxase o mapa 2).



Pódese tentar una clasificación semántica destes topónimos con orixe na microtoponimia; neste caso, seguindo unha distribución recentemente proposta por Marqués Valea (2004), os máis frecuentes (23%) son os oronímicos, relativos á constitución do terreo (*Lamas, Barros, Barreiro, Barral*), a pedras (*Laxes, Seixo, Seixas, Pena, Pedreira*), elevacións (*Dopico, Miranda, Montes, Outeiro, Porto, Portela*), depresións (*Somoza*, de SUB MONTIA), zonas chairas (*Barcia, Veiga*), costas ou pendentes (*Costas*) ou ponderativos sobre o tamaño (*Caamaño*, de QUAM MAGNUM). Estes son, probablemente, xunto cos hidrónimos (o 10%: *Insua, Fontán, Ribeiro, Ribeira, Fontes, Regueira, Regueiro, Rego, Ríos* ou *Riós, Lago, Araúxo*), os máis antigos, pois fan referencia ás características inherentes da paisaxe.

Outros apelidos detoponímicos refírense á vexetación (o segundo grupo, cun 20%): árbores froiteiras (*Pereira, Pereiro, Figueiroa, Oliveira*), de madeira ou con outro tipo de

7 Freguesía da provincia de Ourense (San Estevo), concello de Ribadavia, diocese de Tui. Actualmente non se rexistra no Nomenclátor, aínda que si no Madoz. A Terra de Nóvoa foi unha antiga xurisdición na área de Ribadavia (vid. Navaza 2002: 270).

8 Neira é o nome actual de varios lugares no Páramo, Láncara (Lu) e Vedra (Co), pero tamén das antigas xurisdicións de Neira de Xusá e Neira de Rei, na provincia de Lugo, e mais do río que as bañaba, afluente do Miño; procede dunha raíz hidronímica prerromana *nar-*, de onde tamén *Narla* ou *Naraio* (é falso que sexa “forma portuguesa de *Negra*”, como di outra vez erroneamente Albaigés 1999:313). Pola súa parte, *Araúxo* é nome dunha parroquia de Lobios (Ou), e antiga xurisdición da provincia de Ourense.

9 Esta observación fíxoa Caffarelli (2002) falando dos apelidos detoponímicos italianos.


Mapa 1: Apelido *Sousa* (4.117 ocorrencias)Mapa 2: Apelido *Antelo* (4.596 ocorrencias)

aproveitamento (*Salgueiro, Nogueira, Piñeiro, Castiñeira, Carballo, Loureiro, Moreira*), arbustos (*Silva, Mato, Rama*) ou colectivos (*Amoedo, Teixeira, Souto, Soutelo*); contrasta esta abundancia coa escaseza de zoónimos, pois só se rexistra un, *Mosqueira* (1%). Varios dos fitotopónimos indican de forma indirecta a intervención humana, pois algunhas das especies eran chantadas cun fin determinado. Por iso se achegan ó seguinte dos grupos, que, cun 20%, alude á organización social, nomeando formas de construcións humanas: núcleos de poboación (*Vigo, Vila, Davila, Vilas, Vilaverde, Vilar, Vilariño, Casal, Casas* ou *Casás, Torres, Pazos, Quintas* ou *Quintás, Quintela, Saavedra, Graña*), incluso prehistóricos (*Castro* é o 11º apelido máis frecuente en Galicia, o que dá idea do moito que abundan aquí este tipo de construcións). Tal vez podíamos situar neste grupo os topónimos derivados dos nomes de poseosores que fundaron granxas ou pequenas explotacións agrarias (as *villae*) na Alta Idade Media, como *Padín* (do xenitivo do lat. PALATINUS, vid. Piel 1947 § 296) e *Moure* (lat. MAURUS, vid. Piel 1947 § 238).

Despois, desde unha perspectiva cuantitativa, veñen os relixiosos (7%): son só tres, pero de moi alta incidencia, sobre todo *Iglesias* (o 12 no ránking total), que, como a súa forma castellanizada revela, foi introducido nos nosos chamados Séculos Escuros (XVI ó XVIII); os outros dous son *Hermida* e *Cruz*.

Por último (cun 5%), están os relacionados con actividades económicas, vinculados na súa maior parte á explotación da terra, ben referíndose a terreos de labradío (*Campos, Prado*), incultos (*Bouza, Bouzas*), a terreos cercados (*Cancela, Couto, Paredes*), a moenda do gran (*Muiño*) e a industria do ferro (*Ferreira*). Un pequeno grupo (3%) describe vías de comunicación (*Rúa, Parada, Carreira, Rial*). No gráfico 1 resumimos as proporcións devanditas.

Gráfico 1. Clasificación semántica dos apelidos detoponímicos



En fin, se ben lexicamente case tódolos apelidos detoponímicos son datables na Idade Media, non podemos dici-lo mesmo da súa aparición nas cadeas onomásticas. En realidade, só os xentilicios, *Galego* e *Franco*, aparecen con profusión nos nosos documentos antigos con tal función. Os outros fóronse incorporando ó longo dos Séculos Escuros (XVI-XVIII), conforme ían habilitándose como topónimos, ó ir avanzando o home na conquista do terreo e gañando espazo para as terras cultivables; así o explica Antón Santamarina:

“...no 1800 segue habendo o mesmo número de aldeas que había no séc. XV; iso quere dicir que o que aumentou [de 300.000 habitantes a un millón e medio] foi o número de «lumes» por aldea. [...] O espazo de terra amansada multiplicouse durante estes tres séculos e tamén se fragmentou en propiedades cada vez máis pequenas, pero moi valiosas por escasas. É esta a época en que Sarmiento afirma que as propiedades son de a palmo e cada unha ten o seu nome. [...] A actividade toponímica agora xa non se exercita sobre os lugares habitados (que están todos) senón sobre os terreos que se van gañando para a roturación e o pastoreo. [...] Unha gran parte desta toponimia, de propiedades e paraxes, é posterior ó séc. XV e [...] despois do séc. XVIII só houbo innovacións menores” (Santamarina 2005: 163-164)

Isto é, moitas destas palabras foron habilitadas como topónimos nese tempo, e por tanto só a partir daquela puideron pasar a funcionar como sobrenomes, o que máis tarde daría lugar ós apelidos.

2.3. Os apelidos delexicais

En terceiro lugar están os delexicais ou apelativos, que fan referencia a unha característica da persoa. Os máis caracterizables dentro deles son os profesionais, e despois aqueles que fan referencia a trazos físicos ou psicolóxicos do portador. En principio, a maioría deles

foron alcumes, e tódolos que coñecemos este sistema de denominación, que aínda segue vivo en grandes áreas de Galicia -especialmente nas menos urbanas-, sabémo-lo caprichoso das motivacións que poden dar lugar a alcumes; como consecuencia, case tódolos campos léxicos se ven aquí representados. De maneira que estes son, obviamente, os que máis interesan para a historia lexical, pois moitas veces se documentan formas que agonizantes ou xa mortas na lingua común, ou das que quedan unicamente residuos dialectais moi restrinxidos xeograficamente¹⁰. Así, podemos considera-lo conxunto dos apelidos, en palabras de Kremer (2004:26), como “un museo de la lengua popular de antaño”.

Os apelidos delexicais que máis abundan entre os frecuentes son os que definen características físicas dos seus portadores (un 40% do total), principalmente os que falan acerca da cor da pel ou do cabelo: *Branco, Pardo, Preto* ‘negro’, *Mouriño*; algúns son específicos das características do cabelo: *Crespo, Cao* (< lat. CANUS), *Calvo* e *Calviño*. Tamén os hai sobre a constitución do corpo (*Delgado, Garrido*), sobre unha característica do falar (*Rouco*), ou partes do corpo (*Pernas*). As características morais ou de carácter teñen menos representatividade (un 5%): *Salgado, Amado* (positivos), e *Guerra e Ferro*, que quizais se refiren á agresividade da persoa.

O seguinte grupo é o dos designativos profesionais: as profesións medievais posiblemente máis representativas ou valoradas (*Ferreiro, Fariña* ‘o que traballa no gran, na fariña, no pan’¹¹, *Freire, Mariño*). Un deles tal vez non se debería considerar estritamente profesional, porque fai referencia a quen realizou unha peregrinación: *Romeu* (na súa forma castellanizada *Romero*), que, se ben indicaba en principio ós que ían a Roma, parece lóxico pensar que sendo Santiago de Compostela o segundo centro de referencia da cristiandade (ou terceiro, se contamos Xerusalén), tamén aluda ós que realizaron o Camiño de Santiago. En canto a *Monteiro*, na Idade Media designaba ós que participaban en cacerías para leva-las pezas ó punto desexado; pero a alta frecuencia deste apelido e a súa forma castellanizada lévanos a pensar que en realidade designa a un canteiro, profesión que se veu en auxe en Galicia na época do Barroco e que se nutriu con profesionais foráneos, maiormente vascos, o que explica o castellanismo (véxase Boullón/Tato 1999). Un certo número destes apelidos (o 6%) están a medio camiño entre os profesionais e os cargos ou dignidades sociais: *Conde, Cabaleiro, Fidalgo; Rico* só alude á categoría social, pois, se ben hoxe designa a alguén que ten moitos cartos ou posesións, antes referíase a unha persoa nobre ou de moito prestixio.

O último dos grupos considerable porcentualmente (cun 21%) fala das relacións familiares. Dos máis frecuentes son os que distinguen, dentro dunha familia, ó pai (*Vello*, maioritariamente grafado con *B*) do fillo (*Novo*). O parentesco máis nomeado é *Neto* (fôra da lista dos 200, pero con máis de 2.000 ocorrencias, está tamén *Sobriño*), ó lado de *Colazo*

10 Véxase o caso de *Golpe* con respecto a *Raposo*, por exemplo, en Boullón 2002, ou o de *Louzán* ou *Louza*, hoxe practicamente arcaísmos, en Boullón 2006: 244-248.

11 O apelido *Forneiro*, que é o designativo profesional máis claro para este concepto, ten unha frecuencia moi inferior (en total, 247 ocorrencias).

(<COLLECTEU), que non é propiamente un parentesco sanguíneo, pois designa ós irmáns de leite: a alta proporción deste apelido infórmanos sobre o frecuente que eran as amas de cría na época de fixación legal do corpus dos apelidos.

Un número bastante alto de formas indican filiación paterna descoñecida (constitúen un 15% do noso corpus), é dicir, eran dados ós nenos abandonados, que normalmente ían para a inclusa: cremos que están nese caso *Rei* (‘fillos do rei’¹²), *Santos*, *Deus*, e claramente *Expósito*¹³. Algúns destes documéntanse xa na Idade Media (especialmente *Rei* e *Deus*), aínda que con outra significación: *Rei*, cunha acepción metafórica, podía designa-lo principal nunha profesión, ou ben, de forma xenérica, ós “homes do rei”, igual ca *Conde* ou *Marqués*, ós homes dependentes de quen ostentaban estes títulos¹⁴. Pola súa parte, “«de Deus», era frecuente entre profesos e *Deo votas* medievais” (Rivas 1991: 499; vid. tamén Boullón 1999 s.v. *Rei* e *Deus*), como vemos nos seguintes exemplos, ordenados cronoloxicamente:

De *Rex* / *Rey*:

Azenda Iohannis filis Iohanni *Regis* a.1165 TSobrado I 212
 Martinus *Rex* a.1165 TSobrado I 211
 frater Pelagius *Rex* a.1167 TSobrado II 400
 Petrus Arteiru *Rex* de Milide a.1205 TSobrado II 159
 P<edro> *Rey* do Amenal a.1315 DocUnivSantiago 32
 Domígo *Rey* et Maria P<er>ez [fillos de P<edr>o *Rey* de Sabuzeira] a.1325 DocUnivSantiago
 60
 Afon<so> *Rey* fillo do dito Afon<so> P<ere>s a.1399(or.) CDFerreira 106

De *Deo* / *Deus*:

Iohannes *de Deus* a.[1152] TSobrado II 130
 Iohannes *de Deo* a.1223(s.14) TSobrado II 311
 Petro *de Deus* presbiter a.1244 TCaaveiro 346
 Ma<r>ina *de Deus* a.1269 CDMaia 182
 P<er>o *de Deus* notario de Milmanda a.1273(or.) CDRamirás 384

-
- 12 A inclusa de Santiago chamábase popularmente “a Arquiña do Rei”, por estar localizada no que foi o Hospital Real, fundada polos Reis Católicos en 1499 (hoxe Hostal dos Reis Católicos e Parador de Turismo). Álvarez Ruiz de Ojeda (1999: 331) corrobora que nas súas investigacións no século XIX o apelido Rei “delata sempre vinculacións coa inclusa”.
- 13 Este é máis recente e non se documenta na Idade Media. No Regulamento do Rexistro Civil de 1870 xa se indicaba que “cuando el niño no tenga padres conocidos, se le pondrá por el encargado del registro un nombre y apellido usuales que no revelen ni indiquen esta circunstancia” (art. 34). Máis adiante, na vixente lei, de 1957, prohibese, con bo criterio, imporlles ós fillos de filiación descoñecida este apelido (“e outros similares”, tales como *Santana*, *Dios*, *de la Iglesia*), establecendo que para este fin deben empregarse “apellidos usuales en la comarca, con exclusión de los que tradicionalmente hubieran sido atribuídos a los expósitos u hospiciarios” (art. 196) (apud. Luces Gil 1977: 163-164).
- 14 Tamén hai quen considera que estes nomes de dignidades ou cargos sinalados, “como *Rey*, *Obispo*, *Conde* o *Abad*” se daban por burla, “sin duda” (Iglesias Ovejero 2003: 107).

Joh<a>n de Deus prelado da eygleia de Burgueyra a.1281 CDMaia 189
 María de Deus a.1283 CDMaia 191
 F<ernand>o Leyton de Deus do Souto a.1309(or.) CDFerreira 50
 Johã de Deus clérigo a.1298 CDMaia 80
 Pero de Deus a.1433 PadrónsOurenseXV 345
 Lionor de Deus a.1454 DocDevOurense 2, 65
 Pero de Deus a.1457 LNotasRianxo 644
 Johan de Deus = Johan Deus s.a. TLourenzá 213, 214

En ámbolos casos se listan case tódolos exemplos existentes na base de datos de antroponimos medievais existentes na Sección de Onomástica do Instituto da Lingua Galega (que ten preto de 35.000 rexistros), polo que claramente non se corresponden coa súa frecuencia actual. Ademais, no caso de *Deus*, os cregos ós que alcuma en teoría non podían ter descendencia (e, aínda que a tivesen non transmitirían este segundo nome ós fillos). Así pois, a súa enorme expansión moderna penso que pode ter estoutra motivación (a indicación da filiación paterna descoñecida, posiblemente igual có presuntamente toponímico *Iglesias*, que entrou nesta época), explicada pola abundancia demográfica das mulleres fronte ós homes, fenómeno que ten que ver coas altas taxas de emigración masculina que sufriu o noso país, xa a partir dos finais do XVII, pero sobre todo no s. XIX e XX:

“No estado actual dos coñecementos, algunhas comarcas do interior lucense (o Courel, Burón e Navia) son as que ofrecen as maiores proporcións de ilexítimos de toda Galicia (entre o 8,5% e o 11,3% na segunda metade do século XVIII). Nas décadas centrais do século XIX, este fenómeno alcanzaría o seu cimo, chegándose a rexistrar porcentaxes de ilexitimidade do 16-28%. ... En troca, no litoral occidental as porcentaxes de ilexítimos son moito menores (do 1,8% do Barbanza ao 5,9% da comarca de Bergantiños), aínda que a proporción tendeu a aumentar desde os inicios do século XVIII” (Saavedra Vázquez 1995: 60).

Desde logo, habería que corrobora-la adscripción destes apelidos a este grupo de maneira máis fidedigna, porque, ademais, os fillos de solteira adoitaban levar os apelidos da nai, pero os abandonados na inclusa debían levar apelidos explícitos, como *Expósito*. Chegou un momento que o ordenamento legal, con bo sentido, pois eran apelidos estigmatizantes, prohibiu esta práctica, e pode ser que a partir daquela se escollesen outros apelativos menos significados, pero que cumprían a mesma función¹⁵.

Hai algúns apelidos de adscripción problemática. Por exemplo, o apelido *Fandiño*, que Rivas Quintas (1991: 421) atribuíu a unha “redución” de INFANTINUS, hipótese que ten, entre outras obxeccións, graves problemas fonéticos (a sonorización do t tras nasal, por exemplo). Albaigés faino proceder de «fandos “palabra tomada del lat. fari ‘hablar’, de donde fandus

15 A suma de *Expósito*, *Rei*, *Santos*, *Dios* e *Iglesias* dá unha porcentaxe do 3,48%.

‘que habla, parlanchín’ (cf. nefando ‘aquello de lo que no puede hablarse’. Var. dim. Fandiño» (1999:186). Esta acepción, plausible semanticamente, parece apoiada por «Fandino m. (Ram.) “burro” en el barallete» (CGarcíaGlosario s.v., citado no *DicDic*). Pero ese tal adxectivo non se documenta en ningún repertorio latino (medieval ou clásico), e, ademais, o verbo de que se fai proceder, *fari*, pertencía a un rexistro moi culto, o que sería un obstáculo para que derivase del unha forma festiva como sería esta. Por último, hai que ter en conta unha posible orixe xermánica, no entanto, tamén hipotética: **Fand-inus* (?)¹⁶, de onde o topónimo español *Villandín* To (< *Ffandin* 1242), e o portugués *Fandinhães* (HgNb 87.4). Sería, neste caso, un dos nomes de persoa que funcionaría como patronímico sen a marca habitual, en *-ez*, tal como *Lourenzo* e outros comentados arriba. O estraño é a súa escasa presenza na documentación medieval, contrastando coa abundancia actual, pois só atopamos cinco atestación en toda a Idade Media:

larea de tia *Fandina* a.1026 TCelanova 455
 Fernand<us> *Fandino* a.1316 DocUnivSantiago 39
 Johan *Fandino* (Viveiro, 1395) TMILG
 Johan *Fandiño* [carniçeiro] (Pontevedra 1432) TMILG
 Aluaro *Fandiño* [criado de Lopo Perez de Moscoso] (Sobrado 1468) TMILG

E tamén *Varela* ten sido obxecto de discusión: por un lado, Navaza (2007: 85-86), considerouno detoponímico, procedente de *val* con sufixo diminutivo (VALLÉLLA). O problema desta última hipótese é que non hai ningún topónimo homónimo, con disimilación ou sen ela. Pola súa parte, Méndez Ferrín (2007) pensa que é delexical:

En latín existe o adxectivo *vaus-a-um*, que significa “zambo”, trengo, cambeiro, mal disposto dos pes ou das pernas ou das patas en persoas e animais. Posto no feminino, propio dos alcumes tan a miúdo (*prosmā, cotra, baldroga...*), e en diminutivo *-ela* teríamos o *Varela* “persoa mal asentada de pes ou maos”.

En calquera caso, chama a atención, igual ca no caso anterior, que un apelido tan difundido actualmente teña tan poucas ocorrencias na época medieval:

Afonso *Barela* e sua moller a.1454 DocDevOurense 2, 59
 Gomes *Varela* a.1478(or.) DocNoia 125nº57
 Juan *Barela* a.1483 DocDevOurense 2, 205
 Gil *Varela* escudero vesino de la felegresya de Sam Lourenço de Vjlouchada a.1495(or.) TBieitoSantiago 134


16 Do gótico **fanþi*, antigo alemán *fend(e)o*, ‘soldado de a pé?’ (HgNb 87).

Por último, os outros grupos son menos relevantes porcentualmente, e é moi difícil adiviñar-las súas motivacións: son nomes de animais (*Pita, Pombo, Patiño* –aínda que este pode significar ‘tolo’ nunha acepción metafórica¹⁷), vexetais (*Feixoo*, de PHASEOLUS, e *Trigo*) e diversos utensilios (*Carro, Trillo*).

2.4. As porcentaxes

As distintas proporcións en que se manifestan os apelidos infórmanns, entre outras cousas, da constitución das sociedades, e, por tanto, varía segundo as áreas: en Alemaña os máis frecuentes son os profesionais, en Francia os patronímicos (aínda que sen marca flexional que indique tal función, co que coincide a forma dos patronímicos cos prenomes), en Romanía os derivados dos nomes persoais e os étnicos (como é habitual na Europa oriental), en Italia rexístranse tódalas categorías entre os máis frecuentes¹⁸... Veremos aquí as distintas compoñentes do corpus dos apelidos de Galicia e teremos en conta a súa evolución desde o momento de conformación, na Alta Idade Media.


Gráfico 2: Distribución das formas nos apelidos




A porcentaxe das formas non ten correlación directa co seu peso cuantitativo, senón que a situación é practicamente a inversa: o grupo que ten menos variabilidade, o dos patronímicos, o que ten maior frecuencia numérica. A orde sería, en canto ás formas: 1º Detoponímicos, 2º Delexicais, 3ª Patronímicos; e en canto ó número das ocorrencias: 1º Patronímicos, 2º Detoponímicos, 3º Delexicais.

17 Acepción que non se documenta nos textos galegos (véxase o TILGa), pero si nos dicionarios portugueses. Por outro lado, nos dicionarios galegos aparece a acepción “patizambo” na área de Compostela (no *Glosario* de C. García), como única acepción recollida no *DicDic*.

18 Véxase, para isto, Caffarelli 2005, onde compara os apelidos máis frecuentes en 11 países europeos.

Gráfico 3: Distribución cuantitativa das ocorrencias

Se atendemos á distribución porcentual das ocorrencias encontrámonos co que xa avanzabamos anteriormente: máis da metade corresponden ós patronímicos (un 57%), en segundo lugar os detoponímicos (o 30%), e por último os delexicais. No entanto, a porcentaxe é diferente se atendemos ás diferentes formas: os máis abundantes, os patronímicos, só supoñen o 20,5%, e os máis variados son os detopónimicos (o 57,5%). Isto implica a gran concentración de ocorrencias nos patronímicos, mentres que os outros grupos presentan moita máis diversidade.

Gráfico 4: Categorías dos nomes medievais

Por último, da comparación da situación actual coa medieval (tirada de Boullón 1999: 109), obsérvase unha menor proporción do material nominal, e moito maior peso, tanto no que respecta ás formas coma ás ocorrencias, dos topónimos; o material léxico diminúe lixeiramente. Claro que hai que ter presente a especificidade do sistema medieval: aquí están contabilizados tanto nomes como apelidos, dado que estes, en rigor, non existían; o feito de non seren hereditarios daquela implica unha maior porcentaxe do material puramente nominal. Pero, en calquera caso, as cifras (e o cotexo das propias formas) evidencian que nos Séculos Escuros se habilitou unha boa cantidade de formas detoponímicas en detrimento do material nominal, o que se fixo seguramente para evitar unha homonimia causada por tantos nomes que se repetían e, por outro lado, para reflecti-la denominación real da xente. Aínda hoxe, nas zonas rurais, as persoas son coñecidas máis polos seus alcumes ca polos seus apelidos oficiais.

3. A castelanización

A castelanización da onomástica en Galicia comezou ó remata-la Idade Media¹⁹, cando se iniciou a xeneralización da confección de rexistros dos nados (primeiro eclesiásticos, despois civís), nunha época en que a lingua galega practicamente desaparecera dos documentos oficiais. Deuse de maneira aleatoria, e así hai apelidos que practicamente desapareceron coas súas formas autóctonas (como *Colazo*, *Mosqueira*, *Monteiro*), outros dos que nin se documenta a súa tradución castelá (*Varela*, *Piñeiro*, *Pereira*, *Estévez*...) e, finalmente, os menos, presentan unha proporción semellante (*Carreira/Carrera*, *Soto/Souto*). No noso corpus localizamos 34 formas²⁰, cuxa suma de ocorrencias supoñen o 17% do total das ocorrencias dos 200 apelidos máis frecuentes. Paréceme que esta cifra é indicativa do parcial fracaso da política castelanizadora, alomenos no que respecta ós apelidos (nos nomes de pía a situación é totalmente distinta), pois, malia os esforzos de cinco séculos, hoxe o corpus dos apelidos galegos mantén a súa especificidade con moita nitidez. Hai que ter en conta, ademais, que as formas máis afectadas son as máis frecuentes en ocorrencias, polo que, canto máis baixemos na orde de frecuencia, menor incidencia de formas castelás atoparemos, co que a proporción de formas castelanizadas no conxunto de todos eles ten que ser forzosamente menor.

Desde o punto de vista lingüístico, e como xa foi exposto con máis detalle noutras ocasións (Boullón Agrelo 1997, e, para a toponimia, Santamarina 1988), os procesos puideron afectar a cuestións gráficas que resultaron ter consecuencias fonéticas. Tal é o caso do mantemento do dígrafo -ll- nas formas etimolóxicas de *Villa* e derivados, e mais de *Gallego*, de maneira que o -l- se pasou a pronunciar como palatal, igual có castelán; ou o do grafema <y>, que se pronunciaba coma un iode na época medieval, pero que en español, en posición antevocálica, é unha consoante palatal: de aí que *Yanes* se pronuncie [ˈjanes] no canto de [ˈjanes] (e despois *Yáñez*, [ˈjaɲθ], para completa-lo proceso de asimilación ó castelán, de modo semellante a como *Pena* <PĪNNA foi influído polo castelán *Peña*). Outras veces houbo un cambio gráfico activo tamén con implicacións fonéticas: a consoante fricativa prepalatal xorda [ʃ], grafada etimoloxicamente con <x>, cambiouse para <j>, co que se pasou a pronunciar [x]: é o que lle pasou a *Seixas*, *Seixo*, *Teixeiro*, *Ximénez*; algúns destes casos deron lugar a formas aberrantes, pois **Seijas*, **Seijo* ou **Teijeiro* non son galegas nin castelás, dado que o lat.

19 Se ben hai indicios anteriores, pois hai notarios casteláns que castelanizan a antroponimia xa no XIV. Nun curioso testemuño de finais do XV, o notario presenta diversas formas castelanizadas do seu propio nome: *García López das Camoyras* 1497, 1499, *García das Camoyras* 1498, *García de las Camoyras* 1498, *García de las Camueras* 1498 (Lorenzo 2005: 120).

20 Só inclúo as que presentan unha castelanización fonética ou morfolóxica, mediante unha intervención consciente que cambiou a forma dos apelidos (como *Seijas* no canto de *Seixas*, *Martínez* por *Martís* ou *Villanueva* por *Vilanova*); así, non considero aquelas formas que representan a continuación das grafías etimolóxicas, como *Araújo*, *Lage*, *Noya*, aínda que desde un punto de vista puramente sincrónico estas tamén reflecten a non normalización dunhas formas que non se axeitan á grafía moderna.

SAXUM non deixou descendentes léxicos en español, e o equivalente do derivado de TAXUS en español sería *Tejero*.

Outros cambios fonéticos consistiron en imita-la ditongación tipicamente castelá das vocais breves tónicas latinas Ĩ e Ŏ: *Fuentes, Villanueva, Prieto, Gutiérrez, Nieto*, ou monoton-gar os ditongos galegos *ou* e *ei*, especialmente se están en posición átona: *Lorenzo, Losada, Otero, Soto, Vega, Sotelo* (outra forma mesturada, pois o equivalente castelán sería *Sotillo*), e cando afectan ó sufixo *-eiro, -eira*, como en *Montero, Mosquera, Carrera, Rivera* ou *Figuerroa* (de novo unha má tradución, pois en castelán sería *Higueruela*). Ocorreron tamén completas substitucións léxicas: *Deus* por *Dios*, *Romeu* por *Romero*, *Afonso* por *Alonso*, e nalgún caso o apelido púxose directamente en castelán (como coído que sucedeu en *Iglesias* e, en certa medida, en *Montero*).

Se atendemos á distribución das formas castelanizadas con respecto ós grupos ós que pertencen, observamos que o grao de castelanización non corresponde co seu peso total (cf. o Gráfico 3). A porcentaxe máis alta corresponde os patronímicos (cun 42%), os cales, se ben son os máis antigos, son tamén os que máis formas comúns teñen co español e os máis numerosos, o que tamén favoreceu a súa transformación. En segundo lugar, ós detoponímicos, e non é de estrañar, pois unha boa parte deles adquiriron a condición de apelidos na época de maior castelanización. Veremos máis polo miúdo cada un deles.

3.1. Patronímicos (10 formas, o 42% das ocorrencias dos apelidos castelanizados). Dentro destes, un caso especial é *Hernández*, forma castelanizada que só constitúe o 2,10% da forma non deturpada, *Fernández*, sen dúbida porque a variante con *f* está tamén estendida no territorio español (de feito, é o segundo apelido máis frecuente en España: vid. DAE s.v. *Fernando*). As demais varreron practicamente as formas autóctonas: *Afonso* ten un 2,36%²¹, os derivados propios de *Iohannes* o 8,76%, con 5 variantes (*Oanes, Anes, Yanes, Yáñez, Ans*²²), parecidamente cos patronímicos do medieval *Martín* (*Martins, Martis* e *Martinz*)²³, o 1% fronte á forma deturpada. As outras nin sequera chegan ó 1% (*Lourenzo, Gutiérrez, Ximénez, Cide*²⁴, *Muniz* e variantes, *Núñez* e variantes²⁵).

21 Non incluíu *Afonso*, con 2.201 ocorrencias, porque é forma que tamén se pode explicar desde o galego, a pesar de ser común co castelán. Para máis detalle sobre esta forma, véxase Boullón / Tato 1999.

22 De *Eanes*, a forma máis estendida na Idade Media e hoxe a máis común do portugués, non se testemuña nin unha forma no censo de Galicia do ano 2002. Tamén se atestan as formas *Añez 13, Jáñez 35, Xáñez 1, Iáñez 1*, estas dúas últimas posibles galeguizacóns da forma castelanizada. Véxase máis detalle sobre os derivados de IOHANNES en Boullón 1996.

23 Para un estudo máis detallado sobre estas formas, incluíndo os mapas correspondentes, vid. Boullón 2006: 248-254.

24 Na Idade Media só se atestan formas rematadas en vocal: na Alta Idade Media, *Cidi, Citi* ou *Cite*, cos correspondentes patronímicos *Citiz, Cidiz, Citizi* (vid. Boullón 1999: 174). Nos documentos romances, *Cide*, e xa nunca co sufixo patronímico (vid. TMILG).

25 Os prenomes *Munio* e *Nuno* puideron dar lexitimamente un patronímico *Muñiz* e *Núñez*, se temos en conta para o primeiro a influencia analóxica da nasal palatal no prenome, e para o segundo a

Táboa 2: Castelanización de apelidos patronímicos

Ap. cast.	Nº de ocorrencias	Forma(s) gal.	Nº de ocorrencias	Porcentaxe
HERNÁNDEZ	4798	Fernández	223883	97,90
YÁÑEZ	7053	Eanes , Oanes 219, Anes 69, Ans 27, Yanes 318, Yáñez 44	678	9,6
ALONSO	43668	Afonso	1055	2,36
MARTÍNEZ	113431	Martíns 1001, Martís 212, Martinz 1	1214	1,06
NÚÑEZ	21205	Núñez 26, Nunes 154	180	0,84
MUÑIZ	5730	Muniz 19, Munis 8, Monis 8, Moniz 1	36	0,62
CID	8634	Cide	25	0,29
JIMÉNEZ	6749	Ximénez	6	0,09
LORENZO	29261	Lourenzo	22	0,08
GUTIÉRREZ	5261	Gutérrez		0,00

3.2. Detoponímicos (18 formas, o 39% das ocorrencias dos apelidos castelanizados). Son os que máis profusión de formas presentan, aínda que non os máis numerosos en ocorrencias. Destas, é destacable a case única presenza de *Iglesias*, aparecida despois da Idade Media: as formas toponímicas patrimoniais son *Eirexa*, *Eirexe*, *Eirixa*, *Eirixe*, en singular, e case non se documentan como apelidos²⁶. As outras formas son medievais; por exemplificar cun par delas, de *Otero* documéntase a forma galega *Outeiro* desde o XIII (vid. Boullón 1999 e Rivas 1991: 598), e *Losada* (*Lousada* desde o XV: vid. Rivas 1991: 577). As formas castelanizadas son sempre moito máis recentes.

3.4. Delexicais (7 formas, o 18% das ocorrencias dos apelidos castelanizados). Como os patronímicos, son formas de grande antigüidade: case todas se documentan desde finais do XII ou principios do XIII (*Romeu*, *Deus*, *Neto*, *Monteiro*: vid. Boullón 1999; *Colaço* a.1278 TMILG), ou desde o XIV, como *Branco*, a.1339 (Rivas 1991: 398), ou *Preto* a.1310 (TMILG). As formas galegas máis mantidas son *Deus* (case un 19%), *Monteiro* (case un 8%) e *Romeu* (1,65); as demais (*Branco*, *Preto*, *Neto*) non chegan ó 1%, e hai unha, *Colazo*, que nin sequera se rexistra (pero debeu existir, pois rexístrase en portugués, xa desde 1220: vid. DOELP s.v. *Colaço*).

existencia dunha variante medieval *Nunio* (de onde *Nuño*). Porén, a gran cantidade das formas medievais *Nunes* e *Muniz* (con variantes: *Muniz* 36, *Moniz* 41, *Monniz* 20, *Munniz* 2, *Munis* 1, *Monis* 4: vid. TMILG), así como as formas actuais portuguesas, parecen indicar que o trunfo das formas con nasal palatal puido influí-lo castelán, sobre todo no caso de *Núñez*.

26 No censo de 2002 hai un único *Eirexas* e 5 ocorrencias de *Igrexas*, seguramente galeguización moderna de *Iglesias*.

Taboa 3: Castelanización de apelidos detoponímicos

Ap. cast.	Nº de ocorrencias	Forma(s) gal.	Nº de ocorrencias	Porcentaxe
PEÑA	4468	Pena 15783, Da Pena 20, Dapena 1459	17262	79,44
VEGA	4140	Veiga	12620	75,30
SOTO	10751	Souto	17323	61,70
CARRERA	7465	Carreira	4776	39,02
VILLANUEVA	4460	Vilanova	1577	26,12
VILLAR	15807	Vilar	4957	23,87
GALLEGO	6259	Galego	915	12,75
RIVERA	8529	Ribeira 52, -v- 1125	1177	12,13
SOTELO	3825	Soutelo	285	6,93
FUENTES	8486	Fontes	144	1,67
MOSQUERA	13834	Mosqueira	232	1,65
OTERO	42666	Outeiro	341	0,79
TEIJEIRO	4649	Teixeiro	28	0,60
SEIJAS	5201	Seixas	23	0,44
FIGUEROA	5044	Figueiroa	20	0,39
LOSADA	9965	Lousada	39	0,39
SEJO	4637	Seixo	10	0,22
VILLAVERDE	6175	Vilaverde	9	0,15
IGLESIAS	56159	Igrexas 5, Eirexas 1	6	0,01

Táboa 4: Castelanización de apelidos delexicais

Ap. cast.	Nº de ocorrencias	Forma(s) gal.	Nº de ocorrencias	Porcentaxe
DIOS	4240	Deus	986	18,87
MONTERO	8920	Monteiro	741	7,67
ROMERO	20085	Romeu 336, Romeo 345, Romeiro 1	337	3,39
NIETO	7394	Neto	42	0,56
BLANCO	46121	Branco	85	0,18
PRIETO	14566	Preto	3	0,02
COLLAZO	4337	Colazo		0,00

Nos últimos anos os cambios lexislativos (no Código Civil, que posibilita regularizar ortograficamente os apelidos “cando a forma inscrita no Rexistro non se adecúe á gramática e fonética da lingua española correspondente²⁷⁾) permitiron a recuperación dun certo número de formas, pero este é un proceso que camiña moi lentamente, entre outras cousas polo des-

27 Lei 40/1999 do 5 de novembro, BOE 266, 6/11/1999. Véxanse máis pormenores legais sobre o asunto en Villares Naveira 2007.

coñecemento case xeral da poboación da situación de deturpación que sobre o noso acervo onomástico e polos atrancos que en ocasións poñen algúns funcionarios contrarios á rehabilitación do noso patrimonio²⁸. É de agardar que un cambio na política lingüística deste país modifique esta situación.

Conclusiones

Da análise dos 200 apelidos máis frecuentes en Galicia, tírase que o corpus está formado maioritariamente por formas procedentes de topónimos (un 57,5%), en segundo lugar de palabras procedentes do léxico común (un 22%) e, finalmente, de patronímicos, isto é, de nomes propios co engadido do sufixo *-ez* (ou *es*) (cun 20,5%). Sen embargo, a concentración de ocorrencias en determinadas formas fai que esta proporción cambie se temos en conta o número de portadores que levan os apelidos. Neste caso, os maioritarios son os patronímicos (cun 57%), despois os detoponímicos (30%) e, finalmente, os delexicais (13%).

Ó contrastar esta situación actual coa medieval, resulta que o maior incremento foi dado cos toponímicos, en detrimento sobre todo do material nominal. Durante a época de implantación dos rexistros (a partir do s. XVI), e das diferentes disposicións legais e relixiosas, habilitáronse en gran medida estas formas, o que se comprende ben, dada a extraordinaria riqueza toponímica existente en Galicia.

En conclusión, no corpus analizado podemos rastrexar diferentes aspectos da vida social do noso pobo: a maneira de nomea-lo territorio ó longo dos séculos, as profesións exercidas, os trazos psicolóxicos inferidos da maneira de alcumar, a influencia da Igrexa Católica, as relacións familiares e a importancia das connotacións sociais que comportaban as filiacións paternas non recoñecidas. Desde o punto de vista sociolingüístico, a postergación da lingua galega durante os últimos séculos reflíctese na castelanzación dunha parte do conxunto (un 17%). Está por elaborar unha planificación lingüística que, da mesma maneira que se intenta recupera-lo uso social da lingua en distintos terreos (escola, administración, prensa, industrias do ocio, etc.), o faga tamén cos apelidos que nos definen.

Fontes documentais medievais citadas

CDFerreira = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio (1994): *Colección diplomática del monasterio de santa María de Ferreira de Pantón*. Lugo: Deputación Provincial.

28 Lamentablemente, hai varios exemplos disto. A unha cidadá que solicitou restituí-la forma xenuína do seu apelido, *Outeiro*, negáronlle ese dereito no xulgado de primeira instancia de Marín, mentres que súa nai, que o solicitou no xulgado de Cangas, o conseguiu. Tamén se impediu o cambio dunha forma deturpada *Villameá* (que nin é galega nin castelá) para a correcta *Vilameá*, ou *Rivera* para *Ribeira*, ambas no Rexistro Civil de Ourense (aínda que o cambio de *Rivera* para *Ribeira* foi consentido no Rexistro Civil das Pontes), e a mudanza de *Janeiro* para *Xaneiro* no Rexistro Civil de Caldas de Reis. Véxase, para máis información, Boullón (2007).

- CDMaia = Maia, Clarinda de Azevedo (1986): *História do galego-portugués. Estado lingüístico da Galiza e do Noroeste de Portugal do século XII ao século XVI (com referència á situación do galego moderno)*, Coimbra: I.N.I.C.
- CDRamirás = Lucas Álvarez, Manuel / Pedro Pablo Lucas Domínguez (1988): *San Pedro de Ramirás. Un monasterio femenino en la Edad Media. Colección diplomática*. Santiago de Compostela: Public. de Caixa Galicia.
- CDXubia = Montero Díaz, Santiago (1935): *La colección diplomática de San Martín de Jubia = Boletín de la Universidad de Santiago* 7, 25.
- DocDevOurense = Ferro Couselo, Xesús (1967): *A vida e a fala dos devanceiros. Escolma de documentos en galego dos séculos XIII ao XVI*. 2 vols. Vigo: Galaxia [Edición facsimil (1996). Vigo: Galaxia/Fundación Penzol].
- DocNoia = Barreiro García, M. Carmen (1995): *A documentación notarial do concello de Noia (ss. XIV-XVI). Lectura, edición e léxico*. Tese de doutoramento (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- DocUnivSantiago = Lucas Álvarez, Manuel / M^a Xosé Justo Martín (1991): *Fontes documentais da Universidade de Santiago de Compostela. Pergameos da serie Bens do Arquivo Histórico Universitario (Anos 1237/1537). Edición diplomática*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- LNotasRianxo = Tato Plaza, Fernando R. (1999): *Libro de notas de Álvaro Pérez, notario da terra de Rianxo e Postmarcos (1457)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- PadrónsOurenseXV = López Carreira, Anselmo (1995): *Padróns de Ourense do século XV. Fontes estatísticas para a historia medieval de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TBieitoSantiago = Fernández Salgado, Antonio (1999): *Documentación medieval de san Bieito do Campo*. Memoria de licenciatura (inérita). Universidade de Santiago de Compostela.
- TCaaveiro = Fernández de Viana y Vieites, José Ignacio / M^a Teresa González Balasch (1999): “El tumbo de san Juan de Caaveiro”, en *El monasterio de san Juan de Caaveiro*. Coruña: Deputación Provincial, 97-401.
- TCelanova = Andrade Cernadas, José Miguel (1995): *O tomo de Celanova: estudio introductorio, edición e índices (ss. IX-XII)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- TLourenzà = Rodríguez González, Ángel / José Ángel Rey Caiña (1992): “Tumbo de Lorenzana”. *Estudios Mindonienses* 8, 11-325.
- TSamos = Lucas Álvarez, Manuel (1986): *El tumbo de san Julián de Samos (siglos VIII-XII). Estudio introductorio. Edición diplomática. Apéndices e índices*. Santiago de Compostela: Publicacións de Caixa Galicia.
- TSobrado = Loscertales de García Valdeavellano, M. Pilar (1976): *Tumbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*. 2 vols. Madrid: Dirección General del Patrimonio Artístico y Cultural, Archivo Histórico Nacional.

Bibliografía

- Albaigés Olivart, José M. (1999): *El gran libro de los apellidos*. Barcelona: Círculo de Lectores.
- Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria (1999): “Sobre as orixes de Rosalía de Castro”, *A Trabe de Ouro* 39, 325-351.

- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1996): “Descendentes galegos de *Iohannes*”, en Ramón Lorenzo / Rosario Álvarez (coord.): *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*. Santiago: Universidade, 377-392.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1997): “Procesos de castelanzación nos apelidos galegos”, en B. Fernández Salgado (ed.): *Actas. IV Congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994*, vol. 1. Oxford: Oxford Centre for Galician Studies / The Queen’s College, 195-219.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1998): “A influencia franca na onomástica medieval galega”, en D. Kremer (ed.): *Homenaxe ó profesor Ramón Lorenzo*. vol. II, Vigo: Galaxia, 867-901.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (1999): *Antroponimia medieval galega (séculos VIII-XII)*. Tübingen: Niemeyer.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2002): “Onomástica e dialectoloxía: a propósito de *raposo* e *golpe*”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 115-136. Dispoñible no enderezo web: <http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/dialectoloxia.pdf>
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2006): “Antroponimia e territorio: sobre a difusión dos apelidos en Galicia”, en Rosario Álvarez / Francisco Dubert / Xulio Sousa (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 235-255. Dispoñible no enderezo web: http://www.consellodacultura.org/mediateca/pubs.pdf/lingua_territorio.pdf
- Boullón Agrelo, Ana Isabel (2007): “Cara a unha estandarización da onomástica galega”, en David Trotter (ed.): *Actes du XXIV^e Congrès International de Linguistique et de Philologie Romanes. Aberystwyth, 1^{er}-6 août 2004*. University of Wales Aberystwyth (United Kingdom), Tübingen: Niemeyer, vol. 2, 3-16.
- Boullón Agrelo, Ana Isabel / Fernando R. Tato Plaza (1999): “*Alonso* e *Montero*: estudio antroponímico”, en R. Álvarez / D. Vilavedra (coord.): *Homenaxe a Xesús Alonso Montero*. Univ. de Santiago de Compostela. Santiago, vol. I, 265-293.
- Caffarelli, Enzo (2005): “Cognomi in Italia e in Europa: àmbiti lessicali come fonti onimiche”, in Dunja Brozović Rončević / Enzo Caffarelli (eds.): *Denominando el mundo. Dal nome comune al nome proprio. Atti del Simposio Internazionale, Zara, 1-4 settembre 2004 = Quaderni Internazionali di RION 1*, Roma: Società Editrice Romana, 227-266.
- Caffarelli, Enzo (2007): “Apellidos italianos derivados de topónimos: entre distribución territorial e investigación etimológica. Aspectos morfológicos, motivaciones históricas y nuevas propuestas clasificatorias”, en Gonzalo Navaza / Luz Méndez (eds.): *Congreso de Onomástica Galega Frei Martín Sarmiento, Santiago de Compostela, setembro 2002*. Real Academia Galega / Asociación Galega de Onomástica. Santiago de Compostela: AGON/ILG/RAG, 127-139.
- DAE = Faure Sabater, Roberto / María Asunción Ribes / Antonio García (2001): *Diccionario de apellidos españoles*. Madrid: Espasa Calpe.
- DicDic = Santamarina, Antón (dir.) (2003). *Diccionario de diccionarios. Versión 3*, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza. 1 CD-ROM + 1 guía.
- DOELP = Machado, José Pedro (1984): *Dicionário Onomástico Etimológico da Língua Portuguesa*, 3 vols. Lisboa: Confluência.
- HgNb = Piel, Joseph M^a / Dieter Kremer (1977): *Hispano-gotische Namenbuch*. Heidelberg: Carl Winter.

- Iglesias Ovejero, Ángel (2003): “¿A qué llamamos apellidos?”, en D. Kremer (ed.): *Miscelánea Patro- miana*. Tübingen: Niemeyer, 105-115.
- Kremer, Dieter (2004): “Sobre los apellidos españoles”, *Rivista Italiana di Onomastica* 10, 9-32.
- Lorenzo, Ramón (2005): “Emerxencia e decacencia do galego escrito”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional. Santiago de Compostela, 16-20 setembro 1996*. Santiago: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega, vol. III, 27-154.
- Luces Gil, Francisco (1979): *El nombre civil de las personas naturales en el ordenamiento jurídico español*. Barcelona: Bosch.
- Méndez Ferrín, Xosé Luis (2007): *Consultorio dos nomes e dos apelidos galegos*. Vigo: Xerais.
- Menéndez Pidal, Ramón (1960): “Repoblación y tradición en la cuenca del Duero”, en *Enciclopedia Lingüística Hispánica*, Madrid: C.S.I.C., vol. I, XXIX-LVII.
- Menéndez Pidal, Ramón / Antonio Tovar (1962): “Los sufijos españoles en -z y especialmente los patronímicos”, *BRAE* 42, 371-460.
- Menéndez Pidal, Ramón (1964⁴): *Cantar de Mio Cid: texto, gramática y vocabulario*. Madrid: Espasa Calpe, vol. II.
- Marqués Valea, Xulia (2004): *A toponimia de Trabada*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia.
- Navaza, Gonzalo (2002): “A galeguización de nomes e apelidos: estado da cuestión”, en *Actas dos IV Encontros para a Normalización Lingüística (9 e 10 de Novembro de 2000)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, [263]-271.
- Navaza, Gonzalo (2007): *Toponimia de Catoira*. Concello de Catoira.
- Piel, Joseph M. (1947): “Nomes de ‘possessores’ latino-cristãos na toponimia asturo-galego-portu- guesa”, *Biblos* 23, 143-202, 283-407.
- Rivas Quintas, Elixio (1991): *Onomástica persoal do Noroeste Hispánico*. Lugo: Alvarellos.
- Saavedra Vázquez, M. Carmen (1995): *Historia de Galicia. Tomo IV. Galicia na Idade Moderna*. A Coruña: Vía Láctea.
- Santamarina, Antón (1988): “Efectos do contacto lingüístico na toponimia galega”, in D. Kremer (ed.): *Homenagem a Joseph M. Piel por ocasião do seu 85º aniversário*. Tübingen: Instituto da Cultura e Língua Portuguesa / Consello da Cultura Galega, 87-96.
- Santamarina, Antón (2005): “Viaxe pola onomástica galega”, *A Trabe de Ouro* tomo II, ano XVI, 155- 182. Versión galega de “A Journey through Galician Onomastics”, en Ana Isabel Boullón Agrelo (ed.): *Actas do XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas: Santiago de Compostela, 20-25 setembro 1999*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2002: 3-32. [Edición en CD- Rom].
- Viejo Fernández, Julio (1998): *La onomástica asturiana bajomedieval. Nombres de persona y procedi- mientos denominativos en Asturias de los siglos XIII al XV*. Tübingen: Niemeyer.
- Villares Naveira, Luís (2007): “Aspectos legais sobre a imposición e o cambio dos nomes e apelidos”, en Luz Méndez / Gonzalo Navaza (eds.): *Actas do I Congreso Internacional de Onomástica “Frei Martín Sarmiento”*. Santiago de Compostela, 2, 3 e 4 de setembro de 2002. Santiago de Compostela: Asociación Galega de Onomástica / Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega, 353-361.

Recursos en liña

CAG = *Cartografía dos apelidos de Galicia*. Instituto da Lingua Galega / Real Academia Galega.
<<http://servergis.cesga.es/website/apelidos/viewer.asp>>

Nomenclátor de Galicia. Xunta de Galicia. <<http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>>

TMILG = *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega* do Instituto da Lingua Galega, dirixido por Xavier Varela. <<http://ilg.usc.es/tmilg/>>

TILG = *Tesouro Informatizado da Lingua Galega* do Instituto da Lingua Galega, dirixido por Antón Santamarina. <<http://www.ti.usc.es/TILG/index.asp>>